

O segredo de San Tirso de Ambroa

SEMPRE, dende os anos da nosa mocidade, sentimos unha preferencia moi especial polos antergos poetas brigantinos—non decimos betanceiros porque non sabemos se naceron na Cidade dos Cabaleiros—, Pero de Ambroa, Pero Amigo—testou en Salamanca no ano 1302 deixando a su viola “a Pedro Loçano, joglar et que diga un pater noster por mi alma cada día que con ella violar”—e, naturalmente, pola atraínte e inesquencible María Balteira, a famosa xograresa, “mala perdedora, boa bailadora”.

Ambos poetas—os dous Pero—están relacionados coa parroquia de San Tirso de Ambroa—¿el non será Santiso?—, no actual concello de Irixoa, nas monacais terras de Monfero, viviron no século XIII e coñecéronse persoalmente, mesmo se adicarón cantigas de escarño. Pero de Ambroa tivo relacións moi íntimas coa Balteira, á que Pero Amigo tratou malevolamente nas suas trovas. Pero de Ambroa foi un poeta eminentemente satírico, xénero tamén cultivado por Pero Amigo, autor asimesmo dunha famosa pastorela e de delicados poemas de amor.



Se nos lembramos, anque sumariamente, destes nosos poetas medioevais débese a que, nos días de hoxe, en San Tirso de Ambroa despois de sete séculos, contando polo alto que é como se contabilizaban as árbores, apareceu un novo e interesante poeta, Xosé Abeal, que na ‘Illa Verde’ de ‘Espiral Maior’ remata de estrenar libro: ‘Herba do tempo’, mais na liña de Pero Amigo que na de Pero de Ambroa, anque Abeal, ó noso entender, fora do común idioma, salvando as distancias, pouco ten de común cos seus coterráneos. Con todo xurdenos unha pregunta inevitable: ¿qué segredo ou máxico encanto terá San Tirso de Ambroa para manter, a traverso do tempo, latente e vivo, o lume da poesía?

Abeal é profesor de Latín. As suas raíces líricas están ben chantadas na terra e na tradición galega. A disciplina dos clásicos latinos—claridade e fondura—notáselle a sua obra, como nos casos de Iglesia Alvariño e de Díaz Castro.

Nada mais lonxe da nosa intención que facer crítica literaria. Mais queremos salientar que a poesía de Xosé Abeal é auténtica, formalmente sabia, nada humano lle resulta alleo e ten un claro sentido do transcendente. Poesía da emoción e da reflexión. Non podemos menos que reproducir este breve e fermoso poema seu; nél cúmplase o verso de Antonio Machado: “Se canta lo que se pierde”:

Voltei de novo á aldea que amei tanto.

Evolvín a sentir cantar ó lonxe
os carros polas fondas corredeiras
nas brétemas do tempo xa fuxido
nese recuncho máxico e sonoro
onde mora a memoria e o misterio.

Manuel María